

Decreto 57/2016, do 12 de maio, polo que se establece a ordenación dos establecementos hoteleiros

Última versión

Inclúe a corrección de erros publicada no DOG núm. 144, do 01 de agosto de 2016.

I

A Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída, de conformidade co disposto no artigo 27.21 do Estatuto de autonomía, a competencia exclusiva en materia de promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial, de xeito que posúe a potestade de regular o réxime propio dos establecementos hoteleiros.

Ao abeiro deste título competencial aprobouse a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, que define no seu artigo 56 os establecementos hoteleiros dispoñendo que son establecementos hoteleiros, para os efectos desta lei, os aloxamentos turísticos situados nun ou varios edificios próximos, ou en parte deles. Así mesmo, establece a continuación os grupos de establecementos hoteleiros, dividíndoos en grupo I (hoteis) e grupo II (pensións).

Os artigos do 57 ao 61 definen e clasifican os hoteis, e o artigo 62 define e clasifica as pensións, e os artigos 57, 58.1 e 62.2 remítense ao posterior desenvolvemento regulamentario da Lei 7 /2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, para o establecemento de condicións e servizos mínimos necesarios para acadar a súa clasificación.

Co fin de cumprir estas previsións legais, cómpre, por tanto, establecer a ordenación dos establecementos hoteleiros.

Os establecementos hoteleiros estaban regulados no Decreto 267/1999, do 30 de setembro, polo que se establece a ordenación dos establecementos hoteleiros.

A dita norma supuxo a aplicación dunha política turística que tiña por obxecto a modernización das infraestruturas e os servizos dos establecementos hoteleiros, así como a incorporación das crecentes exixencias das persoas usuarias turísticas, tratando de proporcionar unha resposta adaptada á realidade turística existente en Galicia potenciando os nosos propios signos de identidade.

II

A novidade máis destacada é a introdución de parámetros de calidade do servizo na categorización dos establecementos alén dos puramente métricos ou cuantitativos. A experiencia obtida na aplicación do Decreto 267/1999, do 30 de setembro, fai necesario modificar a regulación contida nel, co fin de introducir un sistema de clasificación novo que



permita ter en conta, por unha parte, as infraestruturas e o cumprimento duns mínimos obrigatorios para todos os establecementos da mesma categoría e, por outra parte, os servizos prestados polos establecementos, ofrecidos á libre elección dos/das titulares dos establecementos. Neste novo sistema de clasificación por puntos valóranse tanto a importancia da percepción da calidade que teñen as persoas consumidoras e usuarias como os requisitos mínimos que se teñan que cumprir en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, adecuados aos estándares xerais do sector e á posibilidade de mellorar a súa competitividade, mediante un sistema flexible da clasificación cun espazo que permita a innovación empresarial no noso territorio.

Introdúcense criterios de servizos de cariz prestacional, mobiliario e equipamentos dos cuartos, acceso aos servizos complementarios, servizos de restauración e servizos de telecomunicacións, entre outros. Así mesmo, introdúcense elementos de flexibilidade na rixidez métrica das superficies exixidas coa finalidade de facilitar a rehabilitación de edificios, a conservación do patrimonio histórico e artístico e unha adecuada adaptación da norma, tentando de harmonizalo tanto co resto das normas doutras comunidades autónomas como coas do noso contorno máis inmediato, en especial, coa normativa europea.

A nova regulación turística mantén o sistema de clasificación por estrelas dos establecementos hoteleiros, utilizado a nivel internacional desde hai décadas, o que sen dúbida constitúe unha garantía de especial importancia para as persoas usuarias turísticas ao permitirlles asociar o número de estrelas outorgadas en cada establecemento hoteleiro cun determinado nivel de calidade de instalacións e servizos.

Polo que respecta aos órganos competentes, o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, regula a Axencia Turismo de Galicia como unha axencia pública autonómica, que ten como obxectivo básico impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade. A Axencia naceu cunha vocación integradora, e deste xeito acadouse unha dirección única, coordinada e áxil das competencias turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia, así como dos servizos comúns e transversais destas, o que supuxo conseguir unha maior eficacia e eficiencia dos recursos públicos.

De acordo coa disposición adicional primeira do citado Decreto 196/2012, do 27 de setembro, a Axencia Turismo de Galicia asume, desde a súa constitución, as competencias, recursos e medios materiais que corresponden na actualidade á Secretaría Xeral para o Turismo, aos Servizos de Turismo das xefaturas territoriais, que quedaran suprimidos no momento da dita constitución, subrogándose a Axencia en todas as relacións xurídicas, bens, dereitos e obrigas derivados do exercicio das competencias do devandito órgano. A subrogación da Axencia nas relacións xurídicas, bens, dereitos e obrigas da Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, S.A. e do Consorcio Instituto de Estudos Turísticos tivo lugar desde o momento en que se procedeu á súa extinción, e en relación coa S.A. Xestión do Plan Xacobeo, subrogarase nas relacións xurídicas, bens, dereitos e obrigas desta derivadas ou directamente vinculadas coas funcións que son asumidas pola Axencia no momento da modificación dos seus estatutos.

Así mesmo, o artigo 4 establece que, de acordo coa descentralización funcional autorizada pola disposición adicional cuarta da Lei 7/2011, do 27 de outubro, así como co previsto no



artigo 3.1.d) da citada lei, as competencias atribuídas pola normativa sectorial vixente en materia de turismo ás xefaturas territoriais competentes en materia de turismo, centro directivo competente en materia de turismo e consellería competente en materia de turismo, quedan atribuídas aos órganos de estrutura da Axencia, con excepción das competencias atribuídas á persoa titular da consellería competente en materia de turismo, que se entenderán atribuídas á persoa titular da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, sen prexuízo da posible delegación do seu exercicio de acordo co artigo 6 da Lei 16 /2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

III

O decreto consta de 50 artigos estruturados en oito capítulos, tres disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

O decreto complétase con sete anexos; o anexo I relativo ao sistema de clasificación do grupo hoteis; o anexo II relativo ao modelo de placas distintivas a que fai referencia o artigo 3, o anexo III que recolle o modelo de solicitude de informe potestativo previo relativo ao cumprimento dos requisitos mínimos de infraestrutura e servizos previsto no artigo 42; o anexo IV co modelo de declaración responsable para o inicio da actividade; os anexos V e VI para o caso de cambios e reformas substanciais, e cesamento de actividade ou reformas non substanciais, respectivamente; e, finalmente, o anexo VII para a autorización da cesión da denominación «pousada».

O capítulo I, baixo a rúbrica «Disposicións xerais», regula o seu obxecto e ámbito de aplicación e a normativa aplicable.

O capítulo II establece a clasificación dos establecementos hoteleiros, que, de conformidade co disposto no artigo 56.2 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, se dividen en dous grupos: grupo I (hoteis) e grupo II (pensións).

Pola súa vez, os establecementos do grupo de hoteis clasifícanse nas seguintes modalidades: hoteis, hoteis apartamentos, hoteis balneario, hoteis talaso e moteis. E con independencia da súa modalidade, clasifícanse por categorías identificadas por estrelas excepto os moteis, que se clasificarán nunha única categoría e deben cumprir, como mínimo, as condicións que lles corresponderían á categoría de hotel de dúas estrelas.

As categorías dunha, dúas, tres, catro e cinco estrelas poden ter, ademais, a cualificación de superior.

No que se refire aos establecementos do grupo pensións, estes clasifícanse en tres categorías identificadas por estrelas. A denominación de hostel poderana utilizar aquelas pensións de tres e dúas estrelas que cumpran os requisitos establecidos no decreto.



En desenvolvemento do artigo 63 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, recóllese a regulación da autorización por parte da Axencia Turismo de Galicia da concesión da denominación «pousada», supeditándoa á concorrencia dunha serie de condicións, entre elas, a de tratarse dun hotel clasificado, como mínimo, na categoría de dúas estrelas superior.

O capítulo III regula os requisitos xerais dos establecementos hoteleiros e subdivídese, pola súa vez, en tres seccións, onde se regulan, respectivamente, os requisitos técnicos xerais e réxime de funcionamento, a capacidade e requisitos específicos das unidades de aloxamento e a restauración e recepción.

O capítulo IV establece os distintivos con que se identificarán os establecementos e os espazos e instalacións dedicadas á explotación turística, así como a publicidade.

O capítulo V ocúpase dos requisitos e condicións específicos mínimos das pensións.

O capítulo VI recolle as normas sobre o sistema de clasificación da categoría dos hoteis.

O capítulo VII regula o réxime para o exercicio da actividade, a través da presentación dunha declaración responsable que habilita o/a empresario/a turístico/a para o desenvolvemento da actividade en que se autoclasificou, sen prexuízo do cumprimento das demais obrigas exixidas na normativa que lles resulte de aplicación, así como da actuación administrativa de comprobación.

Finalmente o capítulo VIII establece o réxime sancionador para os incumprimentos do disposto no decreto, remitíndose á Lei 7/2011, do 27 de outubro.

As disposicións adicionais primeira, segunda e terceira refírense respectivamente ao tratamento dos datos de carácter persoal por parte da Axencia, á modificación de formularios co fin de mantelos actualizados de conformidade coa normativa vixente e ao modelo de cuestionario de autoavaliación.

As disposicións transitorias establecen a irretroactividade do decreto a aqueles expedientes en curso na data da súa entrada en vigor, aos cales se lles aplicará a normativa vixente no momento da súa iniciación.

Así mesmo, a disposición transitoria segunda regula o réxime aplicable aos establecementos hoteleiros xa clasificados.

Por último, conta cunha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras, relativas ao desenvolvemento normativo e á entrada en vigor, respectivamente.

O decreto foi sometido ao preceptivo informe do Consello do Turismo de Galicia, así como á consulta das organizacións máis representativas do sector e do Consello Galego de Consumidores e Usuarios para os efectos de incorporar as súas achegas e a súa valoración do sistema establecido como adecuado para a consecución destes obxectivos vinculados á modernización e á competitividade.



Na súa virtude, por proposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de acordo co Consello Consultivo e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día doce de maio de dous mil dezaseis

DISPOÑO:

CAPÍTULO I Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. Este decreto ten por obxecto a ordenación dos establecementos hoteleiros situados no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Quedan excluídas do ámbito de aplicación deste decreto as actividades de aloxamento establecidas no artigo 53, números 2 e 3 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia.

Artigo 2. Normativa aplicable

1. Os establecementos hoteleiros someteranse ás prescricións da Lei 7/2011, do 27 de outubro, ao establecido neste decreto e á normativa sectorial que, se for o caso, lles resulte de aplicación.
2. Ademais da lexislación turística, os establecementos hoteleiros deberán cumprir a normativa vixente en materia de construción e edificación, instalación e funcionamento de maquinaria, sanidade e consumo, seguridade e hixiene, prevención de incendios, abastecemento e depuración de augas, medio ambiente, e accesibilidade e supresión de barreiras, e calquera outra que lles resulte aplicable.

CAPÍTULO II Clasificación: grupo, modalidade e categoría

Artigo 3. Clasificación segundo grupo e modalidade

1. Os establecementos hoteleiros clasifícanse de acordo coas disposicións establecidas neste decreto.
2. A clasificación turística identifica o grupo, a modalidade e a categoría do establecemento.
3. Os establecementos hoteleiros divídense, segundo o previsto no artigo 56 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, nos seguintes grupos:
 - a) Grupo I: hoteis.
 - b) Grupo II: pensións.



4. Pola súa vez, os establecementos do grupo hoteis clasifícanse nas seguintes modalidades:

- a) Hoteis.
- b) Hoteis apartamento.
- c) Hoteis balneario.
- d) Hoteis talaso.
- e) Moteis.

Artigo 4. Concepto de hoteis

1. Os hoteis son aqueles establecementos que ofrecen aloxamento, con ou sen comedor e outros servizos complementarios, que ocupen a totalidade dun ou de varios edificios, ou unha parte independizada deles, cuxas dependencias constitúan unha explotación homoxénea, con entradas, escaleiras e ascensores de uso exclusivo, e que reúnan os requisitos técnicos mínimos en función da súa categoría que se determinan neste decreto.

2. No suposto de que o hotel ocupe a totalidade ou parte de varios edificios, estes deberán ter comunicación directa entre eles ou atoparse nun mesmo recinto.

3. Os hoteis de cinco estrelas deberán estar instalados en edificios que, construídos con materiais de primeira calidade, destaquen, ademais, polas súas condicións de luxo e confort tanto no exterior como no interior do establecemento.

As súas instalacións, materiais, equipamentos e elementos decorativos serán de excelente calidade e reunirán os perfeccionamentos máis modernos da técnica hoteleira.

Artigo 5. Concepto de hoteis apartamento

1. Son hoteis apartamento aqueles que, reunindo os requisitos exixidos para os hoteis, contén, ademais, cun mínimo dun 70 % de unidades de aloxamento nas cales, pola súa estrutura e servizos, dispoñan das instalacións adecuadas para a conservación, elaboración e consumo de alimentos. Cada unha destas unidades de aloxamento deberá contar, como mínimo, con dormitorio, salón comedor, baño e cociña.

2. As superficies dos dormitorios, dos baños, dos salóns comedores e das cociñas serán as establecidas no anexo I segundo a súa categoría.

3. Os mobles, o equipamento e a decoración serán os axeitados en cantidade e calidade á capacidade e categoría do aloxamento.

As cociñas contarán como mínimo co seguinte equipamento: cociña, cambota extractora ou extractor de fumes, vertedoiro, cafeteira ou teteira, utensilios de cociña e comedor (vaixela, cubertaría e cristalaría), neveira e utensilios de limpeza.



Os hoteis apartamentos de catro e cinco estrelas deberán contar, ademais, co seguinte equipamento: microondas, batedor, espremedor e torradora.

4. No caso de que todas as unidades de aloxamento se correspondan con apartamentos, non será preciso salón social xeral. Para o suposto de contar con cuartos ou suites ademais de apartamentos, o salón social deberá ter a superficie mínima exixida por ratio de prazas que se establece con carácter xeral no criterio 55 do anexo I, excluindo deste cómputo as prazas en apartamento.

Artigo 6. Concepto de hoteis balneario

1. Son hoteis balneario aqueles establecementos que, reunindo os requisitos exixidos aos hoteis, contén, ademais, con instalacións balnearias, de acordo coa definición de balneario establecida na normativa sectorial autonómica. As instalacións de balneario deberán estar no mesmo establecemento que as do aloxamento ou noutro próximo explotado polo/pola mesmo/a titular.

2. Unicamente as empresas e os establecementos que, estando autorizados como establecementos sanitarios, cumpran as condicións legalmente exixidas para exercer o dereito de aproveitamento das augas mineromedicinais ou termais de Galicia poderán empregar na súa denominación e oferta de servizos as palabras «balneario», «termas» e os seus derivados.

Artigo 7. Hotel talaso

1. Son hoteis talaso aqueles establecementos hoteleiros que contén con instalacións de tratamento con auga do mar natural como elemento diferenciador e esencial da súa oferta e os demais requisitos que sinala a normativa que os regule.

2. Como mínimo, deberá ofrecer, ademais de instalacións colectivas (piscinas), tres unidades de tratamento individuais con auga de mar natural, control médico dos tratamentos terapéuticos e persoal cualificado nas técnicas aplicadas.

3. A auga deberá ser captada directamente do mar ao hotel en condicións de seguridade e hixiene que garantan a idoneidade para o seu uso.

A captación non poderá realizarse preto de portos, emisarios, industria pesada nin nas proximidades das desembocaduras dos ríos que poidan provocar a alteración das características da auga.

4. Os hoteis talaso deberán ter unha proximidade inmediata ao mar non superior a 1.000 metros.

Artigo 8. Moteis



1. Son moteis os establecementos situados fóra dos núcleos urbanos e nas proximidades das estradas nos cales se facilita aloxamento en departamentos que teñen entradas independentes desde o exterior, están compostos de dormitorio e cuarto de baño, e contan con garaxes ou alpendres individuais para cada departamento, contiguos ou próximos a aqueles.
2. Os departamentos en que se facilite o aloxamento constituirán unha edificación independente cada un deles, ou integraranse nun ou máis edificios ou bloques, pero neste último caso cada departamento terá a súa propia entrada desde o exterior e os edificios ou bloques non excederán dúas plantas.
3. Os moteis disporán, polo menos, dun vestíbulo debidamente acondicionado para a súa utilización como sala de espera e nel atoparase a recepción. Os moteis non precisarán de salón social.

Artigo 9. Pensións

1. Son pensións aqueles establecementos que ofrezan aloxamento con ou sen comedor e outros servizos complementarios e teñan unha estrutura e unhas características que lles impidan acadar os requisitos e as condicións exixidas para os hoteis.
2. As pensións poderán situarse en inmobles que teñan outros usos, ademais do hoteleiro, e poderán utilizar os ascensores, escaleiras e demais dotacións de uso común do edificio.
3. Poderán utilizar a denominación de hostel, para os efectos de comercialización, os establecementos clasificados como pensións de tres e dúas estrelas que ocupen a totalidade dun edificio ou unha parte independizada del, de maneira que o conxunto de instalacións forme un todo homoxéneo con entradas, escaleiras e ascensores de uso exclusivo.

Artigo 10. Pousadas

1. A Administración autonómica reserva para si a denominación «pousada» para aqueles establecementos de aloxamento turístico da súa propiedade ou que, en todo caso, reúnan unhas características especiais, sexa polos seus valores arquitectónicos ou pola súa localización singular en lugares paisaxisticamente salientables, segundo se establece no artigo 63 da Lei 7/2011, do 27 de outubro.
2. A Administración autonómica xestionará o termo «pousada», e será posible a cesión desta denominación mediante autorización, logo da acreditación das seguintes condicións:
 - a) Que o edificio posúa características arquitectónicas singulares.
 - b) Que se sitúe en áreas ou puntos de especial simbolismo ou en contornas paisaxísticas destacables ou que requiran a posta en valor de recursos turísticos.



c) Que se trate dun establecemento do grupo I (hoteis) clasificado de conformidade co decreto, como mínimo, na categoría de dúas estrelas superior.

d) Que leven a cabo unha xestión do establecemento con criterios de calidade e esta poida ser certificada.

e) Que non exista oferta con similar categoría na zona.

3. A persoa titular do establecemento deberá presentar unha solicitude de cesión da denominación «pousada», mediante modelo normalizado previsto no anexo VII do decreto, dirixida á Axencia Turismo de Galicia, na cal deberá xustificarse o cumprimento das condicións establecidas no número anterior.

4. A dirección competente por razón da materia da Axencia Turismo de Galicia é o órgano competente para a instrución do procedemento, na cal se solicitará informe sobre o cumprimento das condicións establecidas no número 2 aos órganos da Axencia competentes por razón da materia.

Instruído o procedemento e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, cumprírase co trámite de audiencia ao/á solicitante, conforme o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

5. Corresponde á persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia resolver a concesión da autorización para a utilización do termo «pousada», unha vez que constate que se cumpren as condicións establecidas no número 2. A resolución deberá ditarse e notificarse no prazo máximo de dous meses desde que a solicitude teña entrada no rexistro da Axencia Turismo de Galicia.

Transcorrido este prazo sen que se dite e notifique resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude.

Artigo 11. Clasificación dos establecementos hoteleiros segundo a categoría

1. Os establecementos do grupo hoteles, calquera que sexa a modalidade adoptada, clasifícanse en cinco categorías identificadas por unha, dúas, tres, catro e cinco estrelas. Exceptúase desta clasificación a modalidade dos moteis, que se clasificarán nunha única categoría e deben cumprir, como mínimo, as condicións que lles corresponderían á categoría de hotel de dúas estrelas.

As categorías de unha, dúas, tres, catro e cinco estrelas poden ter, ademais, a cualificación de superior.

2. As pensións clasifícanse en tres categorías identificadas por estrelas, consonte os requisitos e condicións específicos mínimos que se establecen no capítulo V.



3. A categoría será de libre elección por parte do/a titular do establecemento hoteleiro, sempre que cumpra as condicións e requisitos mínimos do sistema de clasificación establecido neste decreto para a categoría pretendida.

A Axencia Turismo de Galicia poderá, en calquera momento, comprobar a clasificación dos establecementos hoteleiros para os efectos de comprobar a veracidade dos datos indicados na autoavaliación prevista no artigo 37, para os hoteis e na autoclasificación das pensións consonte cos requisitos e condicións específicos mínimos para elas establecidas no capítulo V.

4. A clasificación do establecemento hoteleiro, de acordo co establecido na lexislación turística, é compatible co acceso a outras cualificacións do establecemento de entidades públicas ou privadas que recoñezan a calidade, como valor engadido á responsabilidade empresarial, en relación aos servizos turísticos.

CAPÍTULO III Requisitos xerais dos establecementos hoteleiros

Sección1ª. Requisitos técnicos xerais e réxime de funcionamento

Artigo 12. Carácter público

Os establecementos hoteleiros son establecementos abertos ao público, e o acceso a estes é libre nas condicións establecidas nas leis, regulamentos e prescricións específicas aplicables.

Artigo 13. Calidade e estado das instalacións e das habitacións

1. A calidade das instalacións terá que estar en relación directa coa categoría que exhiba o establecemento e o/a titular procurará o seu perfecto estado, coidando especialmente da orde e das condicións hixiénicas e de seguridade de todas as dependencias.

2. Os cuartos deberán entregarse ás persoas usuarias en perfectas condicións para o uso. O mobiliario, elementos decorativos, aparellos e enxoval serán, en todo momento, de calidade acorde coa categoría do establecemento e manteranse nas debidas condicións de conservación e limpeza.

Artigo 14. Iluminación, ventilación e insonorización

1. Os cuartos deberán dispor de iluminación natural e ventilación ao exterior ou a un patio descuberto, mediante ventá, balcón ou galería aperturable.

No caso de cuartos que dean a un patio interior cuberto, este deberá cumprir os requisitos establecidos no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de



habitabilidade de vivendas de Galicia, para os efectos de garantir unha iluminación e ventilación adecuadas.

A superficie dos ocos das fiestras, incluídos os marcos, será do 10 % da superficie do cuarto cun mínimo de 1,20 metros cadrados.

O salón-comedor dos apartamentos regulados no artigo 23.e) deberán contar coa iluminación natural e ventilación establecida neste número.

2. Os baños, a cociña e as zonas de uso común contarán cun sistema de ventilación ao exterior directa ou asistida, sempre que sexa suficiente para unha adecuada renovación do aire.

3. Os establecementos hoteleiros contarán nos seus cuartos cun sistema de escurecemento que impida o paso da luz á vontade da clientela.

4. A instalación de máquinas que xeren ruídos e, en particular, dos ascensores, montacargas e sistemas de climatización, terá que realizarse cos adecuados sistemas de insonorización que garantan o illamento dos ruídos respecto das persoas usuarias das unidades de aloxamento.

Artigo 15. Cómputo de superficies

1. No cómputo das superficies dos cuartos incluírase a correspondente aos baños, ás zonas de acceso e os armarios, encaixados ou non.

2. A altura mínima dos cuartos e do resto de dependencias de uso xeral será a establecida no Decreto 29/2010, do 4 de marzo.

Así mesmo, seralles aplicable aos establecementos hoteleiros a regulación das pezas baixo cuberta establecida no Decreto 29/2010, do 4 de marzo.

3. Nas habitacións baixo cuberta esta altura requirirase, polo menos, no 60% da superficie, sen computar a superficie cuxa altura sexa inferior a 1,80 metros.

Artigo 16. Calefacción

Todos os establecementos hoteleiros deberán garantir que o establecemento acade e manteña unha temperatura ambiente mínima de 19° C.

Artigo 17. Seguro de responsabilidade civil

Os/as titulares dos establecementos hoteleiros deberán ter contratado e en permanente vixencia un seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos das persoas usuarias do establecemento por danos corporais, danos materiais e os prexuízos económicos causados



que deriven do desenvolvemento da súa actividade. Para estes efectos deberán ter á disposición da inspección de turismo a póliza e o correspondente recibo de pagamento co fin de acreditar a súa vixencia.

Artigo 18. Normas de réxime interior

1. Os establecementos hoteleiros poderán dispoñer de normas de réxime interior que establezan regras de obrigado cumprimento para as persoas usuarias durante a súa estadía, sen que en ningún caso poidan supoñer discriminacións por razón de raza, lugar de procedencia, sexo, opción sexual, relixión, opinión, discapacidade ou calquera outra circunstancia persoal ou social, de acordo co que establece a Constitución española e demais normativa específica sobre a materia.

2. As normas de réxime interior poderán determinar as condicións de admisión, as regras de convivencia e funcionamento, así como todo aquilo que permita e favoreza o goce normal das instalacións, equipamentos e servizos, sen que poidan contravir o disposto na lexislación vixente.

3. O/a titular do establecemento poderá solicitar o visado destas normas á Axencia Turismo de Galicia para asegurar a súa coherencia coa normativa turística.

4. As ditas normas estarán á disposición das persoas usuarias na zona de maior afluencia de público do establecemento, nun lugar visible e de forma que resulten lexibles para aqueles, ao menos nos idiomas galego, castelán e inglés.

5. Garantirase a accesibilidade ás normas de réxime interior ás persoas usuarias discapacitadas, así como de calquera outro tipo de información necesaria para o goce dos servizos do establecemento.

Artigo 19. Réxime de prezos e reservas

Sen prexuízo do establecido sobre prezos, publicidade e reservas recollidos na normativa vixente estatal e autonómica en materia de protección e defensa das persoas consumidoras e usuarias, os establecementos hoteleiros cumprirán coas exixencias previstas na Lei 7/2011, do 27 de outubro, e no Decreto 179/2011, do 8 de setembro, polo que se regula o réxime de prezos e reservas dos establecementos turísticos de aloxamento e restauración na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 20. Duración da estadía

1. O prazo de duración da estadía será o que libremente se acorde entre as partes no momento da contratación.

2. Salvo pacto en contrario reflectido no documento de admisión, o dereito á ocupación da unidade de aloxamento pola persoa usuaria comezará ás 15.00 horas do primeiro día do período contratado e rematará ás 12.00 horas do día sinalado como data de saída.



3. A prolongación do prazo de duración da estadía fixado no documento de admisión estará condicionada ao mutuo acordo entre o/a titular e a/o usuaria/o.

Artigo 21. Libro de visitas da inspección turística e follas de reclamacións de turismo

1. En todos os establecementos hoteleiros deberá existir un libro de visitas da inspección turística á disposición das inspectoras e inspectores de turismo.

2. Igualmente, os establecementos hoteleiros deberán ter á disposición das persoas usuarias turísticas as follas de reclamacións de turismo, que lles serán facilitadas de forma inmediata cando as soliciten e deberán exhibir ao público, de xeito permanente, un cartel anunciador da existencia das ditas follas de reclamación á disposición das persoas usuarias, de acordo co establecido na normativa sectorial aplicable.

Artigo 22. Libros rexistro e partes de entrada de persoas viaxeiras

Os establecementos hoteleiros deberán cumprir a normativa vixente en materia de libros rexistro e partes de entrada de persoas viaxeiras.

Sección 2ª. Capacidade e requisitos específicos das unidades de aloxamento

Artigo 23. Unidades de aloxamento

Para os efectos deste decreto, son unidades de aloxamento:

a) Cuartos ou dormitorios: as dependencias destinadas a dormitorios das persoas usuarias do establecemento hoteleiro. Os cuartos poden ser de uso dobre ou de uso individual, segundo se trate de cuartos dunha ou dúas prazas. Os cuartos deberán contar cunha superficie segundo a ratio que se fixa para cada grupo e categoría neste decreto.

b) Suites: os conxuntos dun ou máis cuartos, dobres ou individuais, con un ou máis cuartos de baño e, polo menos, un salón independente, acondicionados segundo cada categoría, que destaquen pola súa dimensión, decoración ou infraestruturas do resto dos cuartos.

c) Cuartos familiares: as unidades de aloxamento de ata un máximo de catro prazas, en cama dobre, individual ou liteira, que comparten baño e cunha superficie segundo a ratio que se fixa para cada grupo e categoría neste decreto.

d) Cuartos comunicados: os cuartos, dobres ou individuais, totalmente equipadas e comunicadas entre si por unha porta interior que permita a súa comercialización conxunta ou independente.

e) Apartamentos: as unidades de aloxamento que deberán contar, como mínimo, con cuarto, dobre ou individual, salón-comedor, baño e cociña, que pode estar incorporada ou non ao salón-comedor, e que dispoñan de instalacións axeitadas para a conservación, elaboración e consumo de alimentos. A capacidade máxima do apartamento será de 6 prazas. En ningún



caso se permitirá a instalación de máis de 2 prazas, tanto en cada un dos cuartos como no salón-comedor. No caso dos hoteis, as estancias contarán coa superficie mínima establecida no anexo I.

Enténdese por apartamento tipo estudio a unidade de aloxamento en que o salón-comedor e o cuarto se atopa nunha peza común, e a cociña pode estar tamén integrada nesta peza común. A capacidade máxima do apartamento tipo estudio será de 2 prazas.

Artigo 24. Capacidade

1. A capacidade máxima do establecemento hoteleiro virá determinada polo número de prazas en camas, dobres ou individuais existentes nos cuartos e polo de camas convertibles dispoñibles na sala de estar comedor das unidades de aloxamento que contén con esta peza.

2. A capacidade do establecemento hoteleiro deberá exhibirse publicamente nun lugar de fácil visibilidade.

Artigo 25. Camas convertibles

Nos establecementos hoteleiros en que as unidades de aloxamento sexan apartamentos ou contén con sala de estar vinculada ao cuarto, poderán instalarse ata dúas camas convertibles de uso individual na sala de estar. Para que a sala de estar poida dispoñer destas pezas deberá superar por cada cama un 25 % da superficie mínima exixida neste decreto.

Artigo 26. Liteiras

Admitirase o uso de liteiras só nos cuartos de tipo familiar, as cales, como máximo, poderán ser de dúas alturas e deberán contar coas debidas medidas de seguridade para evitar caídas.

Artigo 27. Camas supletorias

1. Todos os establecementos hoteleiros poderán instalar nos cuartos, por petición da clientela, como máximo, dúas camas supletorias de uso individual. Para isto a superficie dos cuartos deberá exceder nun 25 % a mínima exixida por cada cama supletoria que se utilice, e a instalación destas non poderá interromper a libre circulación dos/as hóspedes cara á saída dos cuartos e entradas dos baños.

No caso de establecementos do grupo I (hoteis), e para os efectos do disposto neste artigo, a superficie mínima dos cuartos dobres será de 12 metros cadrados para establecementos de 1 estrela; 14 metros cadrados para 2 estrelas; 15,5 metros cadrados para 3 estrelas; 16 metros cadrados para 4 estrelas e 17,5 metros cadrados para 5 estrelas. No caso de cuartos individuais, a superficie mínima será de 7 metros cadrados para establecementos de 1 estrela; 7,5 metros cadrados para 2 estrelas; 8,5 metros cadrados para 3 estrelas; 9 metros cadrados para 4 estrelas, e 9,5 metros cadrados para 5 estrelas.



2. A instalación de camas supletorias non modifica a capacidade outorgada ao establecemento.

Artigo 28. Baños e aseos

Para os efectos deste decreto, o baño deberá dispoñer, polo menos, de bañeira con ducha ou prato de ducha, lavabo e inodoro. O aseo deberá dispor, polo menos, de lavabo e inodoro.

Sección 3ª. Restauración e recepción

Artigo 29. Restauración

Cando con independencia dos servizos propios do establecemento se ofrezan ao público en xeral servizos de restaurante, cafetería ou bar integrados na mesma unidade de explotación, estes rexeranse polas normas específicas que lles sexan de aplicación a estes establecementos, e precisan clasificación turística independente da do aloxamento. Para o caso de que sexa preciso compartir determinados espazos comúns do establecemento, non se prexudicarán os dereitos da clientela do aloxamento e do restaurante, cafetería ou bar.

Artigo 30. Recepción

1. Corresponde á recepción, entre outras funcións, a de atender as reservas de aloxamento; formalizar a hospedaxe; recibir a clientela e asegurarse da súa identidade, á vista dos correspondentes documentos; inscribilas no libro rexistro; atender as reclamacións; entregar as follas de reclamacións; expedir factura e percibir o seu importe.

2. Contarán cunha estancia física de recepción os establecementos hoteleiros do grupo de hoteis e, no caso das pensións, as que teñan mais de 15 cuartos.

3. A estancia física de recepción constituirá o centro de relación coa clientela para os efectos administrativos, de asistencia e de información.

4. Así mesmo, na estancia física de recepción gardaranse as chaves dos cuartos; recibiranse, gardarase e entregarase aos/ás hóspedes a correspondencia, así como os avisos ou mensaxes que reciban; coidarase da recepción e entrega das equipaxes e cumprirse no posible as encargas da clientela.

CAPÍTULO IV Distintivos e publicidade

Artigo 31. Distintivos identificativos

1. En todos os establecementos hoteleiros será obrigatoria a exhibición na parte exterior da entrada principal, nun lugar moi visible, dunha placa identificativa normalizada en que



conste o grupo, modalidade e categoría do establecemento. Os modelos, dimensións e cores das placas identificativas son os que constan no anexo II.

2. A placa identificativa conterá, sobre fondo azul turquesa, as letras que correspondan ao grupo e á modalidade, así como as estrelas que correspondan á súa categoría. As estrelas serán de cor ouro para os establecementos do grupo I e de cor prata para os do grupo II.

Para o grupo I, aparecerá debaixo das estrelas a cualificación de «superior», en caso de obtela.

3. Así mesmo, identificarase o espazo e instalacións dedicados de forma permanente á explotación turística. En particular, esa identificación deberá figurar no exterior das unidades de aloxamento e poderá ser numérica ou nominal, neste caso asociada a un número. Cando as unidades de aloxamento estean situadas en máis dunha planta, o primeiro ou primeiros díxitos do número que as identifique indicará a planta e os restantes números ou denominacións identificarán o cuarto.

Artigo 32. Publicidade

1. Na publicidade ou propaganda impresa, facturas e demais documentación deberá indicarse, de xeito que non induza a confusión, o grupo, a categoría e, se for o caso, a modalidade e cualificación como superior outorgadas pola Administración turística.

2. Ningún establecemento hoteleiro poderá usar a denominación, rótulo ou distintivo diferentes dos que lle correspondan polo seu grupo ou modalidade, nin utilizar outra categoría que aquela en que se encontre clasificado.

3. As denominacións derivadas ou compostas do termo hotel ou pensión non poderán ser utilizadas máis que polos establecementos clasificados no grupo I e II, respectivamente.

4. Queda prohibido o emprego da palabra «turismo», así como a de «parador» reservada á Administración do Estado, e a de «pousada» reservada a Administración autonómica como título ou subtítulo dos establecementos turísticos conforme o artigo 63 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, e o artigo 10 deste decreto.

5. Queda, así mesmo, prohibido o uso de iniciais, abreviaturas ou termos que poidan inducir a confusión.

CAPÍTULO V Requisitos e condicións específicos mínimos das pensións

Artigo 33. Requisitos das zonas de uso común e da cociña

1. As pensións poderán ofertar o servizo de comidas. O comedor, se for o caso, terá unhas dimensións adaptadas á capacidade máxima do establecemento, a razón de 0,75 metros cadrados por praza, sendo a mínima exixida de 15 metros cadrados. Estará dotado de



mobiliario idóneo e suficiente para o uso a que se destine. En todo caso, o horario mínimo para o almorzo será de 3 horas e para o xantar e cea de 2 horas e media.

2. A cociña, sempre que exista servizo de comedor, estará dotada de elementos necesarios para a conservación e tratamento de alimentos e deberá dispor de vaixela, cristalaría, cubertaría, enxoval e batería de cociña en proporción á capacidade máxima do aloxamento. A súa superficie gardará relación directa coa superficie correspondente ao comedor e contará con aparellos para a renovación do aire e a extracción de fumes.

3. As pensións de tres estrelas deberán contar con sala de estar cunha superficie de 1 metro cadrado por praza, sendo a mínima exixida de 15 metros cadrados. Estará dotada de mobiliario idóneo e suficiente para o uso a que se destine.

Artigo 34. Requisitos das unidades de aloxamento

1. Os cuartos terán un mobiliario mínimo integrado por camas individuais cunha largura mínima de 0,90 metros por 1,90 metros de longo, dobres cunha largura mínima de 1,35 metros por 1,90 metros de longo, ou liteiras cunha largura mínima de 0,80 metros por 1,90 metros de longo; armario roupeiro con perchas suficientes; mesa de noite; cadeira, un enchufe por praza e puntos de luz con interruptor ao lado da cama.

2. As unidades de aloxamento deberán dispor dunha superficie mínima e dos cambios de lenzaría que se fixan na seguinte táboa:

Superficie das habitacións

	1 estrela	2 estrelas	3 estrelas
Dobres	10 m ²	11 m ²	12 m ²
Sinxelas	6 m ²	6 m ²	7 m ²
Familiares	15 m ²	16,5 m ²	18 m ²

Apartamentos

	1 estrela	2 estrelas	3 estrelas
Salón-comedor	10 m ²	11 m ²	12 m ²
Baño	2 m ²	2,5 m ²	3 m ²
Cociña	2 m ²	2,5 m ²	3 m ²



Cambio de lenzaría de cama

1 estrela	2 estrelas	3 estrelas
1 cambio por semana	2 cambios por semana	2 cambios por semana

Artigo 35. Requisitos dos baños

- Os baños estarán equipados con lavabo, bañeira ou prato de ducha e inodoro e, ademais, con espello e toma de corrente, toalleiro e repisa ou moble para os obxectos de aseo.
- A ratio de baños, así como o cambio de lenzaría, realizarase, como mínimo, segundo se fixa na seguinte táboa:

		1 estrela	2 estrelas	3 estrelas
Superficies dos baños nos cuartos	En cuartos dobres ou sinxelos	2 m ²	2,5 m ²	3 m ²
	En cuartos familiares	3 m ²	3 m ²	3,5 m ²
Baño xeral		1 por cada 3 cuartos ou fracción que non dispoñan de baño	1 por cada 3 cuartos ou fracción que non dispoñan de baño	
Baño no cuarto		-----	No 40 % dos cuartos	No 100 % dos cuartos
Cambio de lenzaría de baño		2 cambios por semana	2 cambios por semana	2 cambios por semana

Artigo 36. Servizos e instalacións

As pensións deberán contar, como mínimo, cos seguintes servizos e instalacións:



	1 estrelas	2 estrelas	3 estrela
Ascensores (preceptivo co número de plantas indicadas)	-----	Baixa + 4	Baixa + 3
Recepción	-----	-----	SI *No caso de que dispoña de máis de 15 cuartos
Atención á clientela continuada durante 24 horas	SI	SI	SI
Caixa de primeiros auxilios	SI	SI	SI
TV	-----	-----	SI En salas de estar
Conexión á internet WIFI	-----	SI En zonas comúns	SI En zonas comúns

CAPÍTULO VI Normas sobre o sistema de clasificación da categoría dos establecementos do grupo hoteis

Artigo 37. Sistema de clasificación

1. O/a titular do hotel deberá efectuar a autoavaliación do establecemento considerando os seguintes criterios:

- Os requisitos xerais establecidos no decreto.
- Os criterios que se establecen con carácter obrigatorio para cada categoría no anexo I, e
- Os criterios de libre elección establecidos no anexo I.

As puntuacións mínimas para acceder a cada categoría e a cualificación de superior de cada unha das categorías serán as previstas no número 5 do artigo 39.

2. O/a titular do establecemento dará aos criterios resultantes da autoavaliación do hotel a debida publicidade, en todo caso nas unidades de aloxamento, para os efectos de ter informadas, en todo momento, as persoas usuarias.

3. O/a titular do establecemento deberá informar a través da súa páxina web e documentalmente da autoavaliación realizada para obter a categoría acadada, así como dos criterios utilizados para o efecto.

Artigo 38. Mantemento e modificación da categoría ou das prestacións



1. O/a titular do establecemento deberá manter todas as condicións e servizos comunicados no cuestionario de autoavaliación que se xunte coa declaración responsable a que se refire o número 1 do artigo 43.
2. As modificacións das condicións ou servizos do establecemento obrigan os/as titulares a facer unha nova autoavaliación e, se procede, a modificar a categoría.
3. Se as modificacións só afectan as condicións ou os servizos que se recollen como criterios de libre elección no anexo I e sen que supoña o cambio da categoría rexistrada, terán a consideración de cambios ou reformas non substanciais e deberán comunicarse á área provincial da Axencia Turismo de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 48, así como manter informada a clientela e darlle publicidade a través da páxina web. Cando a modificación supoña un cambio da categoría rexistrada terá a consideración de cambio ou reforma substancial para os efectos do establecido no artigo 47.
4. En todo caso, as comprobacións e as inspeccións que se fagan nos establecementos terán en conta as autoavaliacións comunicadas ou informadas, mediante a páxina web ou documentalmente. No suposto de carecer desta información, e sen prexuízo das consecuencias sancionadoras derivadas deste feito, terase en conta a categoría do establecemento que conste no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia

Artigo 39. Normas de aplicación do sistema

Para aplicar o sistema de clasificación en relación ás prescricións do anexo I, teranse en conta as seguintes normas:

1. Os criterios obrigatorios en cada categoría sinálanse coas letras OBR. O resto das condicións ou servizos serán de libre elección.
2. Os criterios agrúpanse en diversas seccións: I. Área edificio/cuartos, II. Instalacións /equipamento, III. Servizos, IV. Lecer, V. Oferta, VI. Servizo de reunións e eventos, VII. Medidas ambientais e de eficiencia enerxética.
3. A puntuación final resulta da suma da puntuación de todos os criterios de libre elección e determina a categoría máxima que lle pode corresponder.
4. A puntuación mínima para acceder a cada categoría será:

1 estrela: 135 puntos.

2 estrelas: 236 puntos.

3 estrelas: 355 puntos.

4 estrelas: 471 puntos.



5 estrelas: 673 puntos.

Para obter a cualificación de superior en cada categoría, deberá acadarse a seguinte puntuación mínima:

1 estrela superior: 218 puntos.

2 estrelas superior: 352 puntos.

3 estrelas superior: 521 puntos.

4 estrelas superior: 736 puntos.

5 estrelas superior: 823 puntos.

CAPÍTULO VII Réxime para o exercicio da actividade

Artigo 40. Forma de presentación das solicitudes, comunicacións e declaracións responsables e documentación

1. As solicitudes, comunicacións e declaracións responsables reguladas neste decreto deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.es>) de acordo co establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común e no artigo 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia.

Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes, comunicacións e declaracións responsables en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando os formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia.

2. A documentación complementaria poderá presentarse electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa interesada ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e no artigo 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.



A documentación complementaria tamén poderá presentarse en formato papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, comunicación ou declaración responsable, a persoa interesada ou representante deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.

4. No caso de que algún dos documentos que vai presentar de forma electrónica a persoa interesada ou representante supere os tamaños límites establecidos pola sede electrónica, permitirase a presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos. Para iso, e xunto co documento que se presenta, a persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro. Na sede electrónica da Xunta de Galicia publicarase a relación de formatos, protocolos e tamaño máximo admitido da documentación complementaria para cada procedemento.

5. Na sede electrónica encóntranse publicados os formatos admitidos para a presentación de documentación. Se a persoa interesada desexa presentar calquera documentación en formatos non admitidos, poderá realizalo de forma presencial a través de calquera dos rexistros habilitados. A persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro.

Artigo 41. Informe potestativo previo

1. As empresas turísticas que proxecten a apertura, construción ou modificación dun establecemento hoteleiro, antes de iniciaren calquera tipo de actuación ou trámite ante o concello correspondente poderán solicitar da Axencia Turismo de Galicia un informe relativo ao cumprimento dos requisitos mínimos de infraestrutura e servizos, empregando o modelo normalizado que figura no anexo III do decreto.

2. O órgano competente para a emisión deste informe será a Área Provincial da Axencia Turismo de Galicia en que radique o establecemento ou se prevexa que vaia radicar, que deberá emitilo no prazo máximo de dous meses, con expresa inclusión do pronunciamento correspondente á clasificación solicitada. A validez do informe será dun ano sempre que permaneza en vigor a normativa turística respecto á cal se emite informe no momento da súa emisión.

3. En ningún caso este informe será suficiente para a clasificación do establecemento e débese contar coa correspondente clasificación turística prevista neste decreto.



4. Coa solicitude de informe previo xuntarase unha memoria que describa e xustifique os requisitos recollidos neste decreto referidos a infraestruturas e servizos mínimos, así como planos cotados a escala da distribución de plantas e de sección.

Así mesmo, poderá achegarse calquera outra documentación que o/a solicitante considere de interese.

Artigo 42. Inicio da actividade

1. O/a empresario/a turístico/a que pretenda desenvolver a actividade de aloxamento turístico regulada neste decreto deberá presentar ante a área provincial da Axencia Turismo de Galicia en que radique o establecemento unha declaración responsable en que manifieste o cumprimento dos requisitos previstos na normativa turística para a clasificación pretendida e o compromiso de mantelos durante o tempo de vixencia da actividade, mediante modelo normalizado previsto no anexo IV do decreto, xunto co cuestionario de autoavaliación previsto no artigo 37, para o caso dos hoteis.

En todo caso, esta declaración responsable referirase expresamente á tenza da documentación que se establece no artigo 44.1.

2. Esta declaración presentarase logo de pagamento das correspondentes taxas, de conformidade co disposto no artigo 14.1.b) da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Coa declaración responsable xuntarase:

a) O proxecto técnico legalmente exixible, asinado por persoal técnico competente, que serviu de base para a presentación da correspondente comunicación previa ou, se for o caso, solicitude de licenza de obra ante o concello en que radique o establecemento hoteleiro.

b) Solicitude de dispensa, se for o caso, e documentación acreditativa para o efecto.

c) Acreditación do pagamento das taxas correspondentes.

4. O cumprimento da obriga regulada neste artigo non exime o/a empresario/a turístico/a do deber de obter as autorizacións administrativas que resulten preceptivas para a apertura e funcionamento do establecemento hoteleiro nin da presentación das declaracións responsables que exixa a normativa sectorial que resulte de aplicación.

5. A presentación da declaración responsable nas condicións previstas neste decreto habilita para o desenvolvemento da actividade turística en que se autoclasificou a persoa interesada desde o día da súa presentación, sen prexuízo do cumprimento das demais obrigas exixidas noutras normas que lles resulten de aplicación.

6. Se a declaración responsable contén algunha deficiencia ou omisión de carácter esencial nos datos ou manifestacións, ou non se achega a documentación exixida neste decreto, requirirase á persoa interesada para que, nun prazo de 10 días, emende a falta, con



indicación de que, se así non o fixer, se procederá nos termos previstos no artigo 45.2 do decreto.

Artigo 43. Inscripción no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia

1. Atendendo á declaración responsable debidamente feita conforme as previsións deste decreto, a área provincial da Axencia Turismo de Galicia correspondente inscribirá de oficio o establecemento no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia (en diante, REAT) e emitirá un documento que acredite tal inscrición, salvo que se omitisen datos ou documentos de carácter esencial ou se desprenda da declaración que non reúne os requisitos previstos neste decreto para a clasificación solicitada.

2. A citada inscrición notificaráse á persoa interesada no prazo máximo de 15 días desde que a declaración responsable tivese entrada no rexistro da área provincial correspondente da Axencia Turismo de Galicia.

Artigo 44. Actuación administrativa de comprobación

A área provincial da Axencia Turismo de Galicia da provincia correspondente efectuará as comprobacións, controis e inspeccións necesarias relativas á veracidade dos datos declarados, ao cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, e neste decreto, e á tenza e validez formal da seguinte documentación:

- a) Documento acreditativo da personalidade xurídica da persoa interesada.
- b) Título ou contrato que probe a libre dispoñibilidade por parte da persoa titular do establecemento onde se exerce a actividade. Se a titularidade corresponde a unha persoa xurídica, escritura de constitución da sociedade e poderes da persoa interesada para o caso de que non se deduza claramente da escritura social.
- c) Seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos das persoas usuarias do establecemento por danos corporais, danos materiais e os prexuízos económicos causados que deriven do desenvolvemento da súa actividade.
- d) Comunicación previa de inicio de actividade presentada ante o concello en que radique o establecemento e, se for o caso, comunicación previa ou licenza de obras.
- e) Planos do estado final das obras, polo menos de cotas e superficies.

Artigo 45. Resolución

1. A área provincial da Axencia Turismo de Galicia, unha vez tramitado o oportuno expediente e logo de audiencia á persoa titular do establecemento hoteleiro, elevarao xunto co seu informe á Dirección da Axencia Turismo de Galicia, que ditará a resolución que corresponda. No caso de ditarse resolución de conformidade co declarado, recollerá



expresamente a categoría e demais condicións do establecemento, segundo a declaración responsable presentada pola persoa interesada.

2. A comprobación polos órganos competentes da inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, dos datos declarados, así como a falta de presentación da declaración responsable, a falta de dispoñibilidade da documentación preceptiva ou o incumprimento dos requisitos que resulten de aplicación determinarán a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade desde o momento en que se tivese constancia de tales feitos, en consonancia co disposto no artigo 106 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, e sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houber lugar.

A Dirección da Axencia Turismo de Galicia ditará, logo de audiencia á persoa interesada, a oportuna resolución que declare a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, dos datos declarados, así como a falta da documentación preceptiva ou o incumprimento dos requisitos que resulten de aplicación, e acordará a baixa do establecemento hoteleiro, así como a cancelación da súa inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, a resolución determinará expresamente a imposibilidade de presentar unha nova declaración responsable co mesmo obxecto durante o prazo que, de xeito motivado, se estableza na devandita resolución, que, como mínimo, será de dous meses e, como máximo, de seis meses, e poderá determinar a obriga da persoa interesada de restituír a situación xurídica ao momento previo ao exercicio da actividade.

3. Para os efectos do establecido no número anterior, considérase de carácter esencial aquela inexactitude, falsidade ou omisión en calquera dato, manifestación ou documento incorporado á declaración responsable que afecte a clasificación en canto ao grupo, categoría ou modalidade, así como os seguros e documentación complementaria que, se for o caso, sexan exixibles segundo o disposto neste decreto.

4. A devandita resolución ditarase e notificarase no prazo máximo de tres meses, contados desde a entrada da documentación completa, prevista neste artigo, no rexistro da área provincial da Axencia Turismo de Galicia en que radique o establecemento.

Transcorrido este prazo sen que se dite e notifique resolución expresa, entenderase que os datos do establecemento recollidos na declaración responsable presentada se axustan aos requisitos exixidos na normativa vixente.

Artigo 46. Dispensa

1. Con carácter excepcional, logo de solicitude da persoa interesada que deberá constar na declaración responsable de inicio de actividade, e en atención ás especiais circunstancias que poidan darse, ponderadas en conxunto a concorrencia das condicións exixidas aos establecementos hoteleiros e o número e calidade dos servizos ofrecidos, e logo de informe técnico da inspección turística, a persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, mediante resolución motivada, poderá dispensar un establecemento determinado dos requisitos relativos:



- a) Ás superficies e larguras mínimas exixidas para cada categoría neste decreto, sempre que, respectando a normativa específica sobre a materia, non supoña máis dun 10 % da superficie ou largura mínima exixida para cada categoría.
- b) Á dispoñibilidade de ascensor, sempre que se xustifique por persoal técnico competente ou pola Administración competente a imposibilidade técnica da súa instalación.
- c) Á dispoñibilidade de ascensor de servizo ou montacargas para todas unidades de aloxamento, cun máximo de 10 unidades de aloxamento sen servizo.
- d) Ao servizo de garaxe ou aparcadoiro cando se teña concertada a mesma porcentaxe de prazas de garaxes ou aparcadoiros, situados a unha distancia igual ou superior aos 200 metros do establecemento.
- e) Á altura mínima exixida para o cómputo da superficie nos cuartos baixo cuberta, prevista no artigo 15.3, sempre que esta alcance 1,50 metros.

2. Así mesmo, os establecementos instalados en edificios que, na súa totalidade ou en parte, se achen protexidos polos seus valores arquitectónicos, históricos ou artísticos, estean situados en espazos naturais, ou ben estean afectados por normas ou plans urbanísticos de protección, poderán ser dispensados, nos termos establecidos no número 1, de calquera outro requisito establecido como obrigatorio neste decreto cando un técnico competente ou a Administración competente acrediten a imposibilidade de cumprilo debido ás condicións técnicas ou estruturais das edificacións ou limitacións ambientais.

3. A resolución sobre a dispensa solicitada ditarase e notificarase no prazo de dous meses contados desde que a declaración responsable en que conste teña entrada no rexistro da área provincial da Axencia Turismo de Galicia en que radique o establecemento.

Transcorrido este prazo sen que se dite e notifique resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude.

Artigo 47. Cambios e reformas substanciais

1. Son cambios ou reformas substanciais os que afectan o grupo, categoría, modalidade, capacidade e calquera outra que afecte as condicións ou requisitos conforme os cales se outorgou a clasificación turística.

2. A realización de calquera cambio ou reforma substancial require a presentación ante a área provincial da Axencia Turismo de Galicia en que radique o establecemento da correspondente declaración responsable, segundo modelo normalizado previsto no anexo V, na cal farán constar que dispoñen da documentación xustificativa dos devanditos cambios.

Esta declaración presentarase previo pagamento das correspondentes taxas, de conformidade co disposto no artigo 14.1.b) da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.



Xunto coa declaración responsable, achegarase:

- a) O proxecto técnico legalmente exigible, asinado por persoal técnico competente, que serviu de base para a presentación da correspondente comunicación previa ou, se for o caso, solicitude de licenza de obra ante o concello, se for o caso.
- b) Solicitude de dispensa, se for o caso, e documentación acreditativa para o efecto.
- c) Acreditación do pagamento das taxas correspondentes.

3. A declaración responsable dirixirase á área provincial da Axencia Turismo de Galicia da provincia correspondente, que anotará no REAT os cambios e reformas substanciais realizadas e, se é o caso, a nova clasificación do establecemento hoteleiro.

4. A área provincial da Axencia realizará as comprobacións, controis e inspeccións necesarios relativos á veracidade dos datos declarados e á tenza da documentación que se declara.

No caso de comprobarse a inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial dos datos declarados, así como a non presentación da declaración responsable dos cambios ou reformas substanciais levadas a cabo, procederase segundo dispón o artigo 45.2.

5. Unha vez instruído o correspondente expediente e feitas as comprobacións oportunas, procederá, logo de audiencia da persoa titular do establecemento hoteleiro, a elevalo, xunto co seu informe, á Dirección da Axencia Turismo de Galicia, que ditará a resolución que corresponda.

6. O expediente resolverase no prazo de 3 meses, contados desde a entrada da documentación completa, prevista neste artigo, no rexistro da área provincial da Axencia Turismo de Galicia en que radique o establecemento.

Transcorrido este prazo sen que se dite e notifique resolución expresa, entenderase que os datos do establecemento recollidos na declaración responsable presentada se axustan aos requisitos exixidos na normativa vixente.

Artigo 48. Cambios non substanciais e cesamento da actividade

1. Os cambios de titularidade, denominación, na escritura social, e aqueles outros que non supoñan reformas substanciais, así como os cesamentos de actividade, requirirán da súa comunicación á área provincial da Axencia Turismo de Galicia en que se sitúe o establecemento.

2. A comunicación efectuarase mediante modelo normalizado, previsto no anexo VI, no prazo máximo de 10 días desde que se tivesen producido.



3. A comunicación dos cambios non substanciais e do cesamento da actividade elevarase, xunto cun informe, á dirección competente por razón da materia da Axencia Turismo de Galicia, que procederá á anotación no REAT dos cambios producidos ou do cesamento da actividade.

Artigo 49. Baixa de oficio e modificación da clasificación

1. Para o caso de que non se comunicase o cesamento da actividade, procederase á baixa de oficio e correspondente cancelación da inscrición no REAT dos establecementos regulados neste decreto, logo da instrución do oportuno procedemento pola área provincial da Axencia Turismo de Galicia en que radique o establecemento, no cal se dará audiencia ás persoas interesadas. Neste caso poderase incoar o correspondente expediente sancionador.

A resolución dos procedementos de baixa de oficio por non comunicar o cesamento da actividade corresponde á persoa titular da Dirección da Axencia.

2. As clasificacións comprobadas poderán ser modificadas pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia cando se incumpran ou desaparezan as circunstancias que as motivaron ou sobreveñan outras que xustifiquen a súa reclasificación ou denegación.

3. A modificación de oficio do grupo, modalidade ou categoría dos establecementos que deixen de cumprir cos requisitos que se tiveron en conta no momento de concederlle a preceptiva clasificación turística efectuaráa a persoa titular da Dirección da Axencia, logo da tramitación do oportuno procedemento pola súa área provincial correspondente, en que se lle dará audiencia á persoa interesada.

4. No caso de producirse a modificación de oficio da clasificación dun establecemento hoteleiro, a persoa interesada non poderá presentar unha nova declaración responsable no prazo que se estableza na resolución que acorde a modificación, que como mínimo será de dous meses e como máximo de seis meses.

CAPÍTULO VIII Réxime sancionador

Artigo 50. Infraccións e sancións

O incumprimento do disposto neste decreto polo/a titular dos establecementos hoteleiros dará lugar ás sancións que, se for o caso, correspondan, conforme a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia.

Disposición adicional primeira. Datos de carácter persoal



De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación das solicitudes, declaracións responsables e comunicacións reguladas neste decreto, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, declaracións responsables e comunicacións serán incluídos nun ficheiro denominado «Rexistros» cuxo obxecto é xestionar os procedementos regulados no decreto, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Axencia Turismo de Galicia. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante esta axencia, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo electrónico: secretaria.turismo@xunta.es.

Disposición adicional segunda. Modelos normalizados e modificación de formularios

1. A sede electrónica da Xunta de Galicia terá á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos procedementos regulados no decreto mais comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
2. Co obxectivo de manter adaptados á normativa vixente os formularios vinculados aos procedementos previstos no decreto, éstos poderán ser actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, sen necesidade de publicalos novamente no Diario Oficial de Galicia, sen implicar modificación do contido das solicitudes, declaracións responsables ou comunicacións previstos neste decreto.

Disposición adicional terceira. Modelo de cuestionario de autoavaliación

Nun prazo non superior a 20 días desde a publicación no Diario Oficial de Galicia deste decreto, a persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia aprobará un modelo de cuestionario de autoavaliación. En todo caso, a resolución de aprobación do modelo será publicado na páxina web da Axencia e no Diario Oficial de Galicia.

Disposición transitoria primeira. Réxime transitorio dos expedientes

Os expedientes en curso na data de entrada en vigor deste decreto tramitaranse e resolveranse conforme as disposicións vixentes no momento da súa iniciación. Non obstante, se a persoa interesada considera máis favorable a clasificación do establecemento que resulte deste decreto poderá presentar nova declaración responsable conforme as prescricións deste, solicitando o arquivamento do procedemento en curso.

Para estes efectos consideraranse expedientes en curso aqueles proxectos redactados por un técnico competente e que xa fosen presentados ante calquera outra Administración ou entidade para os efectos de obter as preceptivas licenzas ou de presentar comunicacións ou



declaracións responsables, de conformidade coa normativa que resulte de aplicación. En todo caso, establécese o prazo dun ano para levar a cabo os devanditos proxectos e presentar a declaración responsable para o inicio de actividade de establecemento hoteleiro regulada neste decreto. Se, transcorrido o prazo dun ano, non se presentou a citada declaración, seralles de aplicación as prescricións establecidas neste decreto.

Disposición transitoria segunda. Réxime transitorio aplicable aos establecementos hoteleiros clasificados

1. Os hoteis que con anterioridade á entrada en vigor deste decreto estivesen clasificados na especialidade de hotel apartamento serán reclasificados de oficio na modalidade de hotel apartamento, sempre que cumpran a ratio de unidades de aloxamento previstas en apartamentos neste decreto. No caso de non acadaren a porcentaxe do 70 % prevista, perderán a dita especialidade.

2. Así mesmo, os hoteis que, con anterioridade á entrada en vigor deste decreto, se atopen encadrados na especialidade de hotel balneario e contén con captación directa de auga do mar serán reclasificados de oficio na modalidade de hotel talaso. Os demais hoteis clasificados na especialidade de hotel balneario serán reclasificados de oficio na modalidade de hotel balneario prevista neste decreto.

3. Os demais establecementos hoteleiros autorizados conforme o Decreto 267/1999, do 30 de setembro, polo que se establece a ordenación dos establecementos hoteleiros, manterán o grupo, modalidade e a categoría en que se atopen clasificados durante un prazo de 5 anos despois da entrada en vigor do decreto, sen necesidade de adaptárense ao seu contido, sempre que non acometan cambios ou reformas substanciais.

Transcorridos 5 anos desde a súa entrada en vigor, serán reclasificados de oficio no grupo, modalidade e categoría que lles corresponda tras a tramitación do oportuno expediente en que se teña comprobado a adaptación á normativa vixente; non obstante, poderán manterse as condicións e dispensas relativas aos requisitos estruturais outorgadas de conformidade coa normativa vixente no momento da súa clasificación, logo do informe emitido por técnico competente en que se acredite a imposibilidade de adaptación.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa

Queda derogado o Decreto 267/1999, do 30 de setembro, polo que se establece a ordenación dos establecementos hoteleiros, así como calquera outra disposición de igual ou inferior rango que se opoña ao establecido neste decreto.

Disposición derradeira primeira. Desenvolvemento normativo e modificación de anexos



1. Habilítase a persoa titular da consellería competente en materia de turismo para o desenvolvemento das disposicións contidas neste decreto no relativo á organización e materias propias do seu departamento.
2. Habilítase a persoa titular da consellería competente en materia de turismo para a modificación dos anexos I, II, III, IV, V, VI e VII.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, doce de maio de dous mil dezaseis

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

Alfonso Rueda Valenzuela

Vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

ANEXO I

Sistema de clasificación do grupo hoteis

[táboa]

Corrección de erros. Conforme a corrección de erros publicada no DOG núm. 144, do 01 de agosto de 2016, cómpre realizar na táboa as modificacións que se mostran na corrección de erros incluída a continuación da lei. [táboa]

ANEXO II

Modelos de placas distintivas a que fai referencia o artigo 31 do decreto

[documentos]

ANEXO III

[documento]

ANEXO IV



[documento]

ANEXO V

[documento]

ANEXO VI

[documento]

ANEXO VII

[documento]

